



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

SELECCIÓN LABORAL DE (1) OFICIAL ENCARGADO, (1) OFICIAL CONDUTOR TRACTOR E (3) PEÓNS PARA A BRIGADA MUNICIPAL DE OBRAS E SERVIZOS, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, CORRESPONDENTE AO PROGRAMA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, PEL-CONCELLOS 2024 (EXPDTE. 2024/E001/000001)

PRIMEIRA FASE. VALORACIÓN DE MÉRITOS.

En Ordes, a 9 de abril de 2024, sendo as once horas e quince minutos na Sala de Xuntas da Casa Consistorial (3º andar) do Concello o Tribunal que ha de xulgar a SELECCIÓN LABORAL TEMPORAL DE **(1) OFICIAL ENCARGADO** PARA A BRIGADA MUNICIPAL DE OBRAS, convocada por decreto da Alcaldía nº 216/2024, de data 23/02/2024.

Asisten:

- **Presidente:** María Mónica Iglesias Prego, Funcionaria de administración local con habilitación de carácter nacional.

- **Vogais:**

Javier Siro Suárez Rodríguez, Funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional.

Ramiro Rama Figueira, Funcionario da escala de administración especial, subescala de servizos especiais, persoal de oficios.

Pedro Antonio Ferreiro Rodríguez, Persoal laboral, Oficial 1ª.

- **Secretaria:** Pilar Rey Rodís, Funcionaria da escala de administración xeral, subescala administrativa.

Pola Presidencia declárase constituído o Tribunal, procedéndose seguidamente de conformidade co establecido na Base 7ª (Desenvolvemento do proceso selectivo) a análise das alegacións presentadas contra o resultado da avaliación dos méritos alegados e xustificadas polos aspirantes.

No prazo de cinco días hábiles de revisión da valoración das puntuacións outorgadas non se presentou alegación ou solicitude de revisión algunha.

O Tribunal eleva a definitivas as puntuacións inicialmente outorgadas, que son as seguintes:

ASPIRANTE	DNI	SERVIZOS PRESTADOS NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	SERVIZOS PRESTADOS FORA DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	CURSOS DE FORMACIÓN	PROGRAMAS DE CAPACITACIÓN	COÑECEMENTO LINGUA GALEGA	PUNTUACIÓN TOTAL
RAÑA CASTRO, JUAN MANUEL	***2236**	0,54	0,00	0,4	0,25	0,00	1,19

RECURSOS: Contra o acordo do Tribunal de Selección de valoración definitiva dos méritos alegados polos aspirantes poderá interpoñerse ante o Sr. Alcalde-Presidente o recurso de alzada previsto nos arts. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación deste acordo.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematado o acto, dispoñendo a Presidencia que se redacte a presente acta. Sendo as once horas e trinta minutos do día ao principio sinalado.

Ordes, na data da sinatura dixital

A Presidenta,
María Mónica Iglesias Prego.

A secretaria,
Pilar Rey Rodís